



BO DÍA,

Seguimos aprendendo un pouco, exactamente, en Naturais.

Antes de comezar, gustaríame que pinchedes no seguinte enlace. Que será?!

https://www.ferrol360.es/el-mar-descubre-de-nuevo-el-bosque-carbonizado-de-ponzos/?fbclid=IwAR0zGC_bnTQjuHAssVzYxifmhVljbNnse_mQdXodm3voTGjQbKCVD3Itq74

Que vos parece?! Paréceme alucinante que fai máis de 5000 anos houbera un bosque xusto onde hoxe está a praia de Ponzos. Recordades cando dicía en clase que as paisaxes cambian, xa sexa por cambios feitos polo home ou pola natureza? Pois aí tedes un bo exemplo e ben preto da casa 😊 Amais, os expertos din “ *es una pieza más de nuestra historia que confirma que la costa gallega ha variado mucho en su morfología en los últimos miles de años*”. Aí tedes a conexión tamén coa Historia que falamos en sociais, non? Desas “pezas” falaremos o venres...

E volvendo á unidade das mesturas, hoxe aprenderemos que é a materia. Para iso, toca ver o seguinte vídeo:

<https://youtu.be/loHq9BLIrgE>

(agora escribimos)

QUE É A MATERIA?

Todos os días estamos en contacto con distintos tipos de materia pois a materia é todo aquilo que ten unha masa e un volume.

A masa é a cantidade de materia que ten un corpo, isto é, o seu peso. A cantidade de masa dunha mazá grande é diferente a da unha mazá pequena.

O volume é o espazo que ocupa. Non ocupamos igual eu que un coche, unha formiga ou Fausto, por exemplo.

(pequeno exercicio)

- Son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións? Corrixe as que sexan falsas:
 - Conseguimos unha mestura unindo unha sola substancia.
 -
 - Todo corpo ten unha masa e un volume.
 -
 - Hai dous tipos de mesturas: homoxéneas e heteroxéneas.
 -
 - O volume é a cantidade de materia que ten un corpo.
 -
 - Nas mesturas homoxéneas non se ven os compoñentes que a forman.

EXPERIMENTO 1: TORRE DE CORES

Agora que xa sabemos un pouco sobre as mesturas e a materia, imos facer un pequeno pero fermoso experimento. Aínda que sexa sinxelo de facer, **é obrigatorio** que estea con vós un adulto mentres o facedes pois pode axurdarvos.

INSTRUCCIÓNS: Colle un vaso (a poder ser, longo). Verte nel distintos líquidos de un en un, despaciño e deixando reposar cada líquido unha vez o vertes. Emprega líquidos de distinta cor como aceite, leite, mel, deterxente líquido ... ou tamén podes usar colorante para tintalos.

Daraste conta de que hai líquidos que teñen diferente densidade (os máis densos estarán na parte baixa do vaso, mentres os menos densos, estarán na parte superior).

Aí tedes un vídeo dunha rapaza facendo a súa torre de cores.

<https://www.youtube.com/watch?v=qM3jNyfLK2A>

Tedes ata o venres 15 de maio para enviarme a vosa foto (e vídeo tamén se queredes) da vosa torre de cores.

martasequeirocuarto@gmail.com

